



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

---

### ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES QUE REXEN O DESFILE DE ENTROIDO 2023

Vista a proposta da Concellería de Festexos e Festas Populares sobre as bases que han de rexir o desfile de Entroido 2023.

En virtude das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, **resolvo**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras para o Desfile de Entroido 2023, co texto que figura no ANEXO.

**SEGUNDA.-** Publicar as devanditas bases no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal

O Alcalde

Antonio Lomba Baz

**Asinado dixitalmente na marxe**



Cod. Validación: 6YE4EAK6P9YMWHTRMEXZLWEQY | Corrección: <https://aguarda.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8



CONCELLO  
A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## ANEXO: BASES DE PARTICIPACIÓN

### DESFILE DE ENTROIDO 2023

#### BASES

##### 1ª OBXECTO

O Concello da Guarda, a través da Concellería de Festexos, organiza o Desfile de Entroido 2023 que se realizará na tarde do Martes de Entroido 21 de febreiro de 2023 co obxecto de manter a tradición local e promover a participación dos veciños da vila. Para elo presenta as seguintes bases nas que se recollen as modalidades de participación e as axudas económicas.

##### 2º LUGAR E DATA

O Desfile realizarase o **21 de febreiro de 2023 con saída ás 17:30h. da Praza de San Bernardo** ("Esquina Famosa") e o seguinte percorrido: Praza de San Bernardo- Rúa Galicia- Avda. Rosalía de Castro- Alameda.

Os participantes deberán presentarse no lugar de saída nos seguintes horarios para a correcta organización da saída:

- Entre 16.35 e 17:00 as carrozas e as comparsas que incorporen elementos móbiles
- A partir das 17:00h. o resto de comparsas e os grupos que non leven elementos móbiles con motor.

En calquera caso, ás 17:10 deberán estar todos os participantes no punto de saída para poder iniciar o desfile con puntualidade. Os participantes que non cheguen en tempo quedarán sen opción á percepción económica.

##### EN CASO DE CHOIVA NA DATA PREVISTA

En caso de choiva o desfile quedaría aprazado para o seguinte fin de semana, quedando o día mais favorable en virtude da previsión meteorolóxica. De persistir a previsión de choiva, escollerase unha nova data determinada pola previsión meteorolóxica.

En caso de aprazamento por choiva, abrirase un prazo de dous días hábiles dende que se decida o aprazamento para que os participantes poidan confirmar a súa asistencia na nova data indicada, así como para que se anoten novos participantes .

##### 3º PRAZO E FORMA DE INSCRICIÓN

Os interesados en participar no Desfile deberán cubrir o formulario anexo a estas bases e a documentación indicada no punto 4º e entregala **entre os días 7 a 13 de febreiro de 2023** no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9 a 14h. de luns a venres, ou na sede electrónica do Concello: <http://aguarda.sedelectronica.gal/info.0>.

Poderán remitirse inscricións por vía postal, selladas na oficina de Correos sobre o propio impreso de solicitude, de xeito que quede constancia da entrega dentro do prazo establecido. Para garantir este feito, rógase adiantar por email a [registro@aguarda.es](mailto:registro@aguarda.es) a copia da solicitude sellada na oficina de Correos. Ó igual que o resto de solicitudes, estas inscricións só terán validez se veñen acompañadas da documentación requirida.



Cod. Validación: 6YE4EAK6P9YMWHRMEXZLWEEQY | Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dacordo coa Lei 39/2015 no seu art. 14 os participantes que se inscriban en calidade de persoa xurídica, como é o caso das asociacións, deberán face-la inscrición a través da sede electrónica do Concello da Guarda.

A participación e inscrición no concurso supón a aceptación destas bases.

Se os solicitantes non reuniran os requisitos esixidos nestas bases, requiriráselle para que subsanen as deficiencias en dous días hábiles, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude.

## 4º DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Formulario debidamente cuberto e asinado polo representante do grupo, carroza ou comparsa. Pode ser persoa física ou asociación.
- Fotocopia do DNI do solicitante ou en caso de asociacións o representante que entrega a documentación
- No caso de que o participante sexa unha asociación achegará fotocopia do CIF da asociación, ou de non ser posible, os estatutos.
- Certificado de Titularidade da conta bancaria, expedida pola entidade, asinada e selada. O certificado debe estar a nome do representante que realiza a inscrición, ou da asociación e ter sido expedido no 2022 ou 2023.
- Declaración responsable de non estar incurso en incapacidades e prohibicións coa Administración para a percepción de subvencións, así como de estar ó corrente coas obrigas tributarias, co Estado, Xunta de Galicia, Concello de A Guarda e Seguridade Social..  
**(ANEXO II)**
- MENORES DE IDADE:
  - Para a admisión de participantes menores de idade, en calquera das categorías, deberá achegarse autorización asinada polo pai, nai ou titor.
  - **Cando tódolos integrantes sexan menores**, o representante do grupo será un dos pais ou nais, quen asinará a inscrición, aportará a copia do seu DNI e no seu caso, recibirá a axuda económica.
  - No caso de asociacións, poderán entregar unha declaración xurada na que se indique que contan coa autorización dos pais e titores para a realización de actividades fora da sede da propia asociación, adxuntando ó mesmo tempo seguro de Responsabilidade Civil na que se faga constar a cobertura con menores

## 4º CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

No Desfile de Entroido poderase participar en dúas modalidades:

**A) Sen opción a compensación económica:** todos aqueles que queiran sumarse no día do desfile, sen necesidade de inscrición previa. De xeito individual, parella ou grupo

**B) Con opción a compensación económica.** Poderase participar nas seguintes categorías:

- **CARROZAS:** Grupo mínimo ó persoas enriba dun ou varios móbiles representando unha temática común (carro, tractor, motocultor...) debidamente decorado e que leven acompañamento musical (en vivo ou mediante megafonía)
- **COMPARSAS:** Grupo mínimo de 10 persoas que representen unha temática común e leven acompañamento musical (en vivo ou mediante megafonía)





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- **GRUPOS:** Grupo composto por un mínimo de 4 e un máximo de 9 persoas

Os participantes en cada unha das categorías mencionadas deberán ir convenientemente caracterizados de Entroido: con maquillaxe e vestuario coidado e gardando unha coherencia temática entre si.

### 5º COMPENSACIÓN ECONÓMICA Á PARTICIPACIÓN

Como compensación polo traballo e esforzo que supón a elaboración do atrezzo e traxes de Entroido, prevese o pago dunha contía fixa segundo ás diferentes categorías:

CARROZAS----290€

COMPARSAS---230€

GRUPOS-----100€

Terán dereito ó cobro desta axuda económica as 10 primeiras carrozas ou comparsas que se inscriban, así como os 6 primeiros grupos. Ou en calquera caso ata esgotamento do crédito.

O cobro destas axudas queda supeditado ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Terse inscrito previamente como participante no prazo indicado e coa documentación completa, según se recolle nos artigos 3º e 4º
- b) Participar efectivamente no desfile co número de integrantes indicado no momento da inscrición, e cumprir os requisitos mínimos que se recollen para cada categoría. En caso de que por causa de forza maior algún dos compoñentes non poida asistir deberá xustificarse esa ausencia. En calquera caso non se poderá participar cun número de participantes menor que os esixidos para cada categoría.
- c) O Departamento de Cultura será o responsable de levantar acta dos grupos participantes durante o desfile, dando conta do número de compoñentes e cumprimento das condicións de participación.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as asociacións legalmente constituídas e as persoas físicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### 6º LISTADO DE PARTICIPANTES E ORDE DE PARTICIPACIÓN

No prazo máximo de dous días dende o remate do prazo de anotación farase público na sede electrónica, mediante resolución de Alcaldía, o listado provisional cos participantes admitidos indicando a orde de anotación e se teñen dereito á compensación económica por participación. Na mesma resolución farase indicación dos participantes non admitidos e o motivo, tendo estes un prazo de dous días hábiles para corrixir o motivo de exclusión. Tras este período emitirase nova resolución con listado definitivo de admitidos. En caso de que non existiran cambios respecto ao listado provisional, darase este por definitivo. A achega de nova documentación deberá realizarse sempre a través do Rexistro Xeral do Concello.

### DISPOSICIÓN FINAL

O Concello resérvase o dereito para a captación e difusión das imaxes do desfile para fins de publicidade e promoción.





# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE-CONCURSO DE ENTROIDO 2023		
NOME DO TRAXE DE ENTROIDO:		
NOME DO REPRESENTANTE DO GRUPO OU DA ASOCIACIÓN PARTICIPANTE:		
TELÉFONO DE CONTACTO	DNI ou CIF:	
Enderezo:	LOCALIDADE/MUNICIPIO	Código Postal:
CATEGORÍA NA QUE PARTICIPA: <input type="checkbox"/> COMPARSA (mínimo 10 participantes + acompañamento musical) <input type="checkbox"/> CARROZA (representando tema enriba dun móvil alomenos 6 persoas) <input type="checkbox"/> GRUPO (entre 4 e 9 persoas)		N.º PARTICIPANTES:  NºMENORES:
¿Leva vehículo ou outro móvil de acompañamento? SÍ NO Indique o n.º de móbiles/vehiculos:		Indique as dimensións dos móbiles:
COMENTARIO - DESCRICIÓN SOBRE O TRAXE:		
Declaro coñecer e aceptar as bases que rixen o Desfile Concurso de Entroido 2023: SINATURA e DATA: Nome e DNI:		
Documentación que acompaño á presente solicitude: <input type="checkbox"/> - certificado de conta bancaria a nome do representante do grupo ou da Asociación <input type="checkbox"/> - DNI do solicitante ou representante da asociación. <input type="checkbox"/> - CIF ou estatutos da asociación. <input type="checkbox"/> - Anexo II cuberto (declaración xurada de non ter débedas nin incapacidade) <input type="checkbox"/> - Anexo III: autorizacións de menores <input type="checkbox"/> - Anexo IV: só en caso de asociacións que contén con autorización expresa previa e Seguro de R.C		



Cod. Validación: 6YE4EAK6P9YMWHRMEXZLWEQY | Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D<sup>a</sup> ....., con NIF  
núm. ....., como representante do  
grupo/asociación ..... ou en  
representación propia.  
Con domicilio social en

#### DECLARO baixo xuramento que:

- 1.- Esta Entidade ou persoa non está incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- 2.- Esta Entidade ou persoa non está incurso nas prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 3.- Esta Entidade ou persoa está ó corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia e Concello da Guarda, así como coa Seguridade Social.

*Ao mesmo tempo, autorizo ó Concello para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade que represento está ó corrente nas súas obrigas.*

*Asinado, en A Guarda a.....de.....de 2023*



Cod. Validación: 6YE4EAK6P9YMWHRMEXZLWYEQY | Corrección: <https://aguarda.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## ANEXO III

### AUTORIZACIÓN A MENORES

Don/a.....

con DNI....., como pai/nai/titor/a do

nenho.....de.....anos e do

nenho.....de.....anos

AUTORIZA ao seu fillo/filla a participar no Desfile de Entroido 2023 que terá lugar o vindeiro **21 de febreiro de 2023\*** organizado polo Concello da Guarda. Así como á publicación da súa imaxe na prensa e na páxina web do Concello. A utilización das fotos estará suxeita, exclusivamente, a uso informativo non comercial, en consecuencia non poderán xerar ningún tipo de lucro persoal.

\*A data do desfile podería verse modificada por causa da choiva, sendo esta autorización igualmente válida na nova data.

O asinante autoriza tamén a D.....(\*\*), como representante do grupo participante.

En A Guarda a .....de.....de 2023

Asdo:

(\*\*) *Cubrir só nos casos de grupo, carroza ou comparsa na que tódolos integrantes sexan menores de idade.*





# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## ANEXO IV

### AUTORIZACIÓN A MENORES (NO CASO DE ASOCIACIÓN)

Don/

a.....

..

con DNI....., en calidade de presidente da ASOCIACIÓN.....

declaro baixo xuramento que esta entidade conta coa autorización expresa das nais, pais e titores legais dos menores para realizar actividades fóra do seu centro .

NOME E APELIDOS DOS MENORES PARTICIPANTES:

En consecuencia, a asociación que eu represento asume toda responsabilidade cos menores ó seu cargo e indica que conta coas precaucións oportunas no referente á participación dos menores para o cal adxunta o correspondente seguro de responsabilidade civil

En A Guarda a .....de.....de 2023

**Asdo:**



Cod. Validación: 6YE4EAK6P9YMWHTRMEXZLWEEQY | Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8